



CONCELLO DE REDONDELA

BANDO

Por esta Alcaldía en atribución das competencias establecidas no artigo 21.1.e) da Lei reguladora das bases do réximen local, tendo en conta a situación de pandemia por coronavirus na que se deben extremar as medidas de hixiene e salubridade en espazos públicos e de acordo co establecido na Ordenanza municipal reguladora da xestión dos residuos sólidos urbanos, da limpeza de espazos públicos e da salubridade do Concello de Redondela que no seu artigo 11 establece que os poidores de animais domésticos están obrigados a retirar calquera defecación depositada en vías ou espazos públicos no momento que se produzan, **INFÓRMASE á veciñanza o seguinte:**

Primeiro.- As persoas posuídoiras de cans ou outros animais de compañía deberán proceder á limpeza das súas defecacións nas vías públicas e adoptar medidas de precaución.

Segundo.- Na saídas con animais de compañía e debido á actual situación de pandemia sanitaria recoméndanse adoptar as seguintes medidas:

- a).- Levar bolsas ou calquera outro aparello que facilite a recollida das defecacións.
- b).- Levar unha botella de auga con deterxente para limpar a orina e o lugar da deposición do animal, sempre que se trate dunha superficie non porosa como formigón, baldosa, etc.
- c).- Evitar o contacto con outras persoas ou animais.

Terceiro.- A Policía Local poderá solicitar a identificación dos animais e das persoas posuídoiras que os acompañan e informar das obrigas e das recomendacións recollidas neste bando.

